Que é Cogomelos+?

Galicia conta cun elevado potencial de produción micolóxica nos seus piñeiros que está desaproveitada, entre outros motivos, pola falta de coidados silvícolas para compatibilizar a produción madeireira e micolóxica.

Cogomelos+ é un proxecto piloto que busca incrementar a produtividade micolóxica dos montes veciñais de man común (MVMC) de Galicia, introducindo tecnoloxías de xestión innovadoras. Esta produción conxunta de madeira e setas pasa por unha prolongación da quenda, a roza da matogueira do subpiso ou a redución progresiva da densidade de arborado mediante claras.

Todos estes traballos están encamiñados a obter os **máximos rendementos económicos, tanto madeireiros como micolóxicos,** pero sempre **primando a sostibilidade do recurso e o mantemento da biodiversidade micolóxica.**

Quen son os destinatarios de Cogomelos+?

- Montes Veciñais de Man Común
- Explotacións forestais e empresas madeireiras
- Empresas produtoras e comercializadoras de setas
- Centros de investigación
- Axentes da cadea de valor do sistema agroalimentario e forestal
- Administracións Públicas relacionadas coa alimentación, o medio ambiente e/ou o desenvolvemento rural
- Público en xeral

Cogomelos+

Queres saber máis acerca de Cogomelos+?

Para coñecer máis sobre o proxecto piloto **Cogomelos+**, podes enviar un correo electrónico a **servitec.galicia@servitecma.com** ou chamar ao **981 16 00 27.**

UNIÓN EUROPEA
Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020
Europa inviste no rural
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
galicia

Cogomelos+

Incremento da produtividade micolóxica dos piñeiros galegos

Presuposto total: 179.996,95€ Subvención: 179.996,95€ Co-financiación UE: 75% FEADER

Cogomelos+ está financiado polas axudas para a execución dos grupos operativos da Asociación Europea da Innovación (AEI), cofinanciadas nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Presuposto total: 179.996,95€ (100% subvencionados). A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais no ámbito rural, e engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.

UNIÓN EUROPEA
Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020
Europa inviste no rural
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN
XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
galicia

Obxectivos do proxecto

O principal obxectivo de **Cogomelos+** é o incremento da produtividade micolóxica de sistemas forestais de piñeiro, asegurando a súa compatibilidade coa produción madeireira, e aportar directrices que consideren esta produción conxunta.



Resultados esperados

Como resultado de todos os traballos realizados, emitiranse diversos informes que facilitarán a adaptación e implementación por parte de outras comunidades de montes das técnicas de xestión máis adecuadas para unha produción conxunta, sostible e de calidade de fungos e madeira.

As actividades a desenvolver en Cogomelos+

1

Replanteos e recompilación da información de partida

2

Execución do cercado

3

Ensaios da roza

4

Inventarios micolóxicos en 12 parcelas de piñeiro radiata

5

Tratamentos silvícolas

6

Inventarios dasométricos, por fotogravimetría e toma de mostras do solo

7

Posta en común de información

Execución do plan de divulgación
(Transferencia dos resultados aos sectores e realización de accións de divulgación).

Quen integra esta iniciativa?

Cogomelos+ está integrado por un equipo multidisciplinar de entidades galegas lideradas por Servitec Medioambiente, e na que participan a Universidade de Santiago (grupo Unidade de Xestión Forestal Sostible) e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA).

Servitec medioambiente

UXA FORES unidade de gestión ambiental y forestal sostenible

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

feuga fundación empresa universidad gallega